



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Persoal

Modificación parcial do temario que forma parte das bases específicas que rexerán o proceso selectivo convocado para a cobertura, pola quenda libre, de 1 praza de enxeñeiro/a técnico/a de obras públicas (subgrupo A2), C.E. 12/21

ANUNCIO

O concelleiro delegado responsable da Área de Economía e Planificación Estratéxica, por delegación da Xunta de Goberno Local, con data do 17 de outubro de 2024, adoptou a seguinte resolución:

Aprobar a modificación parcial do temario que forma parte das bases específicas que rexerán o proceso selectivo convocado para a cobertura, pola quenda libre, de 1 praza de enxeñeiro/a técnico/a de obras públicas (subgrupo A2) da escala de Administración Especial, subescala Técnica, clase Técnicos/as Medios/as, incluída na OEP do ano 2021, aprobadas por resolución do concelleiro delegado responsable de Economía e Planificación Estratéxica, de data 05/09/2024 e publicado no BOP núm. 172 do 06/09/2024, no que atinxe á parte específica que queda co seguinte contido:

PARTE ESPECÍFICA

TEMA 1. Contratos do sector público. Delimitación dos tipos contractuais. Prazo de duración do contrato e execución da prestación. Contido mínimo dos contratos. Acreditación da aptitude para contratar.

TEMA 2. Obxecto, orzamento base de licitación, valor estimado, prezo do contrato e a súa revisión. Garantías esixibles na contratación do sector público.

TEMA 3. Da preparación dos contratos das Administracións públicas: expediente de contratación, prego de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas. Elaboración e contidos dos pregos de prescricións técnicas particulares. Competencias en materia de contratación e normas específicas de contratación pública nas entidades locais.

TEMA 4. Adxudicación dos contratos das Administracións públicas: normas xerais e procedementos de adxudicación.

TEMA 5. Efectos dos contratos. Prerrogativas da Administración pública nos contratos administrativos. Execución dos contratos. Modificación dos contratos. Suspensión e extinción dos contratos. Cesión dos contratos e subcontratación.

TEMA 6. O contrato de obras: actuacións preparatorias, execución, modificación, cumprimento e resolución do contrato de obras. O contrato de servizos: disposicións xerais, execución e resolución dos contratos de servizos. Emenda de erros, indemnizacións e responsabilidades no contrato de elaboración de proxectos de obras.

TEMA 7. Cambio climático e transición enerxética. A Lei 9/2021, do 20 de maio, con especial referencia a súa implantación e aplicación no ámbito municipal.

TEMA 8. PXOM incidencia de disposicións sectoriais na implantación de servizos. Servidumes de protección.

TEMA 9. Estrutura xeral da Coruña, rueiro e barrios.

TEMA 10. Proxectos de estradas. Normativa técnica estatal sobre redacción de proxectos de estradas. Instrucións para a redacción de proxectos de estradas.

TEMA 11. Trazado de estradas. Norma 3.1-IC: trazado. Orde circular 32/12, do 14 de decembro, sobre guía de nós viarios. Orde do 23 de maio de 2019 pola que se regulan os accesos nas estradas de Galicia e as súas vías de servizo.

TEMA 12. Conservación ordinaria e extraordinaria de estradas. Organización e xestión. Vixilancia periódica, inspeccións programadas e inspeccións especiais. Inspeccións de obras de paso. Auscultación de firmes: fichas e patoloxías.

TEMA 13. Estruturas e obras de paso en estradas de nova construción. Conceptos xerais, definicións, condicionantes de proxecto, materias, tipoloxías, procedementos construtivos, elementos constituíntes, aplicacións concretas. Real decreto 470/2021, do 29 de xuño, polo que se aproba o Código estrutural.

TEMA 14. Drenaxe de estradas. Norma 5.2-IC: drenaxe superficial. Orde circular 17/2003 de recomendacións para o proxecto e construción da drenaxe subterránea en obras de estradas. Túneles de estradas: conceptos xerais de deseño e construción, explotación, conservación, inspeccións e seguridade.

TEMA 15. Xeoloxía e xeotecnia en obras de estradas. Estudos xeotécnicos. Mellora de terreos. Cimentacións. Sostemento de noiros. Muros de dique. Prego de prescricións técnicas xerais para obras de estradas e pontes (PG-3): materiais básicos, explanacións, clasificacións dos chans, escavacións e recheos, terminacións, capas granulares de firme, chans estabilizados. Materiais tratados con cemento.

TEMA 16. Infraestrutura ferroviaria: trazado e xeometría. Definición dos parámetros básicos en planta e alzado. Valores recomendados e límite. Seccións transversais. Gálibos. Entre-eixo. Criterios en infraestruturas ferroviarias da Orde FOM/3317/2010, do 17 de decembro, pola que se aproba a Instrución sobre as medidas específicas para a mellora da eficiencia na execución das obras públicas de infraestruturas ferroviarias, estradas e aeroportos do Ministerio de Fomento.

TEMA 17. As capas de asento ferroviario. Plataforma: capas constitutivas, características dos materiais. O balasto: funcións e características dos materiais. Dimensionamento.

TEMA 18. Túneles de ferrocarril. Normativa técnica, seccións, métodos construtivos, efectos aerodinámicos e seguridade. Estruturas ferroviarias: Instrución sobre as accións para considerar no proxecto de pontes de ferrocarril (IAPF). Singularidade dos efectos dinámicos.

TEMA 19. Lei 22/1998, do 28 de xullo, de costas, e o seu desenvolvemento regulamentario. Bens de dominio público marítimo-terrestre: clasificación, definicións e o seu réxime de utilización. Limitacións de propiedade sobre os terreos contiguos á ribeira do mar. Réxime de competencias das distintas administracións.

TEMA 20. Enxeñería de costas: dinámica litoral. Actuacións de defensa e rexeneración de costas e praias: criterios de deseño. Paseos marítimos: xustificación, criterios de deseño.

TEMA 21. As distintas teorías de ondas. A propagación da ondada. Os fenómenos de refracción, difracción, transmisión e reflexión da ondada.

TEMA 22. O transporte sólido litoral. Distintas formulacións. Evolución da liña de costa. Modelos. O perfil de praia. Distintas formulacións teóricas. Variacións do perfil. A profundidade do peche.

TEMA 23. Obras portuarias exteriores. Diques de abrigo, criterios de selección e deseño, métodos construtivos. Atracadas e instalacións non abrigadas. Estudos económicos. Recomendacións para obras marítimas: serie 1: ROM 1.0-09 e ROM 1.1-18.

TEMA 24. Obras portuarias interiores: obras de atracada, tipoloxía, criterios de deseño. Dragaxes, recheos e pavimentacións. Equipos de carga, descarga e manipulación de mercadorías: criterios de selección. Recomendacións para obras marítimas serie 2: ROM 2.0-11 e serie 4: ROM 4.1-18.

TEMA 25. Inundacións e secas. Directiva 2007/60/CE e Real decreto 903/2010, de avaliación e xestión do risco de inundacións. Lei 9/2019 de medidas de garantía do abastecemento en episodios de seca e en situacións de risco sanitario. Plans de xestión de risco de inundacións (PGRI). Plans especiais de seca. Previsión e cálculo de máximas crecidas. Sistemas de alerta. Medidas de prevención, mitigación, protección e corrección. Caracterización das secas, indicadores e medidas.

TEMA 26. Autorizacións no dominio público hidráulico nas zonas de servidume e na zona de policía. Limitacións nas zonas inundables. Actuacións menores de mantemento e conservación. Obras fluviais, normativa e criterios de deseño: protección, corrección e regularización de leitos; canalizacións; obras de defensa de poboacións; restauración de ríos e técnicas de enxeñería biolóxica.

TEMA 27. Redes de abastecemento de auga: Estrutura xeral das redes de abastecemento urbano. Elementos e características. Criterios de deseño e dimensionado.

TEMA 28. Concesións para rega. Comunidades de regadores. Concesións para aproveitamentos hidroeléctricos. Presas e balsas: tipoloxías, construción, auscultación, explotación e conservación. Seguridade de presas e encoros. Control e seguimento de caudais ecolóxicos.

TEMA 29. Redes de saneamento urbano: Tipoloxías, características e compoñentes.

TEMA 30. Tratamento e depuración de augas pluviais e residuais.

TEMA 31. Técnicas especiais e indirectas para incrementar a eficacia dos recursos da auga. Actuacións sobre a oferta de recursos. Desalación de auga do mar e salobre; conceptos e requisitos. Reutilización de augas residuais. Real Decreto 1620/2007 do 7 de decembro, polo que se establece o réxime xurídico da reutilización das augas depuradas. Prevención de evaporación de encoros. Actuacións sobre a demanda: solucións legais, técnicas e de xestión.

TEMA 32. Condicións de potabilidade da auga. Técnicas de potabilización, desalación e técnicas de tratamento de augas industriais. Pretratamentos e postratamentos necesarios.

TEMA 33. Ordenanza de vertidos e do servizo municipal de saneamento do Concello da Coruña.

TEMA 34. Deseño e cálculo de redes de saneamento.

TEMA 35. Real Decreto 919/2006, do 28 de xullo, polo que se aproba o Regulamento técnico de distribución e utilización de combustibles gasosos e instrucións técnicas complementarias: ICG 01.

TEMA 36. Ordenanza municipal de zanjas do Concello da Coruña.

TEMA 37. Proceso construtivo de implantación de infraestruturas urbanas. Coordinación de servizos.

TEMA 38. Fontes públicas: Mantemento e conservación.

TEMA 39. Orde VIV/561/2010: Itinerario peonil accesible. Elementos de urbanización.

TEMA 40. Orde VIV/561/2010: Cruces entre itinerarios peoniles e itinerarios vehiculares. Obras e intervencións na vía pública.

TEMA 41. Norma 6.1 IC Seccións de firme. Criterios de proxecto. Materiais utilizados. Normas de especificacións dos materiais. Construción.

TEMA 42. Ferramentas tecnolóxicas de control en construción e explotación: sistemas LIDAR, sistemas de información xeográfica, uso de drones (UAV), Buliding Information Modelling (BIM) sistemas SCADA de operación e control remoto.

TEMA 43. Ordenanza de protección contra a contaminación acústica da Coruña: Ámbito de aplicación, áreas acústicas, valores límite de inmisión de ruído. Obras susceptibles de producir ruído.

TEMA 44. Real Decreto 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición.

TEMA 45. Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e chans contaminados de Galicia. Xestión de residuos en obra. Utilización de residuos en obra pública. Vixilancia ambiental de obras.

TEMA 46. Mantemento: xestión de mantemento. Tipos e modelo de mantemento. Plan de mantemento. Elaboración e execución. Contratos de mantemento.

TEMA 47. Control de execución de obras. Control de calidade. Laboratorios de control de obras. A calidade na recepción.

TEMA 48. Control de calidade nas pasarelas de estrutura metálica da cidade da Coruña. Inspeccións e tipos de ensaios a realizar.

TEMA 49. A seguridade na construción. Normativa. A figura do coordinador na redacción do proxecto e na execución da obra. Estudos e plans de seguridade e saúde.

Esta modificación publicarase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web do Concello da Coruña (www.coruna.gal).

A Coruña, 21 de outubro de 2024

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, RD.

Concelleiro delegado responsable de Economía e Planificación Estratéxica

José Manuel Lage Tuñas

2024/7440